

Parabéns

Escrito por X. Manso
Venres, 04 Abril 2008 05:50

Felicitar aos compañeiros de **Salvemos Monteferro**, e en especial a **Angel e Xosé Reigosa Solleiro**, polo seu traballo e o recoñecemento que significou a recollida do **V Premio de Xornalismo Nano Cambeiro**, nun acto moi bonito e emotivo no Pazo da Escola de Mañufe, Gondomar, onte sábado.

Dende Pilar Barreiro a Xoan Hermida e Mabel Rivera que, xunto cos premiados, tomaron a palabra, e o fermoso texto escrito por Rexina Vega que non poido asistir por problemas de saúde- que se recupere pronto, e parabéns polo magnifico texto que no seu nome leeu Mabel -, todos estiveron a unha grande altura que foi premiada con fortes aplausos polo público que enchía o Pazo da Escola.

Moitos foron os amigos que acompañaron aos premiados neste día. O Instituto de Estudos Miñoranos vai consolidando iste premio que quere honrar a un dos seus fundadores xa desgraciadamente desaparecido, e dende Fernando Casás, artista que fai a peza para honrar aos premiados, ata as pandereteiras, as **“Teloneiras de Marita”**, que puxeron un rítmico e alegre peche ao acto, a todos/as temos que agradecerlle a súa contribución e aportación por actos coma este que fan máis grande ao noso país, recoñecendo ás verdadeiras xentes que sempre están aí, loitando, traballando e aportando grans de area para construír un futuro con esperanza. Reiteramos os nosos parabéns a todos/as.